

NOTA INFORMATIVA
AXENDA MUNICIPAL

Mércores 8

12.00 h.

No Multiusos do Sar, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e do concelleiro de Deportes, Manuel Portas, para presentar o Microfest. Na rolda tamén estarán Rubén Cela, director xeral de Xuventude e Solidariedade; Santi Cuadrado, xerente do Multiusos; e Lucila Pernas, produtora do evento.

12.00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Turismo, Francisco Candela, para presentar as estatísticas turísticas de outubro e o balance da campaña “Vivir Compostela”.

12:30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Política Lingüística, Manuel Portas, para presentar o premio Manuel Beiras.

13.00 h.

Na Praza de Fonseca, presentación da obra “Lucky Day”, de Román Ondák, que inicia a segunda fase da exposición *A cidade interpretada*. Estarán presentes o concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e o comisario da mostra, Pablo Fanego.

18.00 h.

Viaxe a Barcelona

Na Fira de Barcelona (Praza de España), o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á X Edición de “Barcelona Meeting Point”.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2006